

# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Aula Profesional Ecoade

Co comezo do segundo cuadrimestre, presentouse a programación da Aula Profesional para os vindeiros meses.

O alumnado terá a oportunidade de asistir a diferentes cursos de temáticas diversas: Power Bi, Analítica de datos con R ou Introducción á xestión integral da empresa cun ERP (Libra).

Así mesmo, ofertaranse catro talleres. Dous enfocados a orientar ao alumnado de cara a un proceso selectivo: *Supera un proceso de selección* e *O contacto profesional coa empresa*, un terceiro adicado a traballar técnicas para falar en público e outro sobre ferramentas para o estudo.

Ademais, como ven sendo habitual, ao longo do cuadrimestre desenvolverase o Ciclo de Conferencias Aprendendo das empresas/institucións e o Cineforum: Empresa, Economía e Sociedade.

Por último, como peche as actividades da Aula Profesional do curso 23/24, realizarase unha visita á corporación Hijos de Rivera.

**USC** FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

### Aula profesional ECOADE

2º cuadrimestre 2023/24

- Curso: Power Business Intelligence (1 ECTS)** - Febreiro-Marzo
- Taller: Ferramentas para o estudo** - 13 de marzo
- Curso: Introducción á xestión integral da empresa cun ERP (Libra)** - Abril-Maio
- Taller: O contacto profesional coa empresa** - 24 de abril
- Cineforum: Empresa, Economía e Sociedade** - Ao longo de todo o cuadrimestre
- Taller: Falar en público** - 6 de marzo
- Curso: Analítica de datos con R** - Marzo e abril
- Taller: Supera un proceso de selección** - 16 de abril
- Ciclo de Conferencias: Aprendendo das empresas/institucións** - Ao longo de todo o cuadrimestre
- Visita a Corporación Hijos de Rivera** - Maio

Máis información e inscricións a través do teu correo @rai.usc.es e en [ecoade.aulaprofesional@usc.es](mailto:ecoade.aulaprofesional@usc.es)

## Cineforum: Empresa, Economía e Sociedade

Durante o mes de febreiro proxectáronse dúas novas películas do Ciclo de Cine da facultade. Así, o 6 de febreiro, o alumnado puido ver *The Young Karl Marx* e debater posteriormente sobre a vida dun dos científicos sociais de maior relevancia do século XIX e o 20 de febreiro proxectouse o filme titulado *Brexit*, co obxecto de afondar

no histórico referendo do Brexit, que culminou na decisión do Reino Unido de abandonar a Unión Europea.

**CINEFORUM**  
**Empresa Economía e Sociedade**

**USC** FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

**CINEFORUM**  
**Empresa Economía e Sociedade**

**USC** FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS



## Aula Profesional Ecoade

### Aprendendo das empresas e institucións

No marco do ciclo de conferencias *Aprendendo das empresas e Institucións* da Aula Profesional, o 21 de febreiro tivemos na facultade a Ángel Lamas, director de exportación en Torre de Nuñez, que explicou ao alumnado participante a evolución desta empresa familiar, os pasos a seguir para definir e implantar unha estratexia de internacionalización e as habilidades principais que deben ter para dedicarse no seu futuro profesional ao mundo do comercio exterior.



Así mesmo, o 28 de febreiro tivemos a oportunidade de asistir a unha moi interesante charla do exalumno da facultade Gerardo Díaz Casal, sobre as principais funcións que se desempeñan na área fiscal dunha empresa e que están relacionadas co cumprimento tributario en numerosos momentos da vida dunha empresa, como a liquidación do imposto de sociedades dentro do calendario fiscal, pero que tamén se refiren á planificación fiscal, que axuda a tomar decisións empresariais eficientes tendo en conta esta perspectiva.



# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Programa A Ponte

O 30 e 31 de xaneiro e o 1 e 2 de febreiro, no marco do programa A Ponte recibimos 560 estudantes de secundaria que viñeron interesarse polas titulacións do noso centro. Ofrecéuselles unha charla de benvida destacando os elementos máis relevantes do noso centro e dos nosos estudos. Ademais, os/as estudantes visitaron as nosas instalacións e puideron asistir a algunhas clases. Para o desenvolvemento destas xornadas contamos coa colaboración do alumnado titor do curso 23-24.



## Outros acontecementos

A nosa facultade acolleu no primeiro cuadrimestre a tres estudantes de doutoramento da Université Assane SECK de Ziguinchor (Senegal), tres da Université Abdou Moumouni de Niamey (Níger), un da université des sciences juridiques et politiques de Bamako (Malí) e un da Université des Sciences Sociales et de Gestions de Bamako (Malí).



A súa estadía foi financiada polo programa Erasmus+ KA107. Unha experiencia enriquecedora para o noso centro que agardamos se manteña no tempo.

# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Convocatoria de premios

Ao longo do mes de febreiro publicáronse as convocatorias dos diferentes premios que a nosa facultade realiza periódicamente. Así, convocouse o Premio Fulget á empresa ou colectivo empresarial galego do ano, como se vén facendo dende o 2007, en recoñecemento á

súa colaboración en accións encamiñadas a mellorar as relacións entre a actividade académica do noso centro e a súa contorna profesional.

### Premio FULGET 2023

Premio



Presentación de candidaturas:  
Até 7 de marzo de 2024

Publicación de candidaturas:  
8 de marzo

Presentación de apoios ás candidaturas:  
Até 19 de marzo

Publicación da proposta de designación do premio:  
Antes do 23 de marzo

Convoca:  
**USC** FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

á empresa ou colectivo empresarial galego do ano

### II PREMIO DE INNOVACIÓN DOCENTE



**Prazo de presentación**  
Até o 8 de marzo de 2024

**Premio**  
Diploma acreditativo e dotación económica de 400 euros

**Poden presentar candidaturas**  
Profesorado da Facultade con experiencia de innovación docente nos cursos 2020/21, 2021/22, 2022/23

**Bases**  
<https://www.usc.gal/gi/centro/facultade-ciencias-ecw/bozinas-empresariais/premio-innovacion-docente>

Convoca:  
**USC** FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

Por outra banda, dende a facultade quérese fomentar e recoñecer a calidade da actividade docente do seu profesorado, recoñecendo a importancia da tarefa docente para a consecución dun ensino de calidade que contribúa á formación do estudiantado nas competencias necesarias para o exercicio da súa profesión futura.

Con este fin, convocouse o II Premio de Innovación Docente que quere destacar o esforzo do profesorado na posta en práctica de accións innovadoras para a mellora da docencia e o desenvolvemento das competencias.

Ademais, dende o 2011 a nosa facultade convoca o premio CreArte na Universidade que busca apoiar o labor artístico que se desenvolve na nosa sociedade, premio que este ano alcanza a súa XIII edición.



**XIII Edición do Concurso de Pintura**

### creArte na Universidade

**Data límite de presentación de obras:**  
20 de marzo de 2024

**Premio:**  
1.200 euros

**Bases:** <https://www.usc.gal/gi/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/concurso-pintura-crearte>

Convoca:  
Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC

Colabora:  
Vicerreitoría de Estudantes e Cultura

**Perspectiva de xénero**

**PREMIOS (IVª EDICIÓN)**  
Mª Carmen Guisán Seijas  
Mª Xosé Rodríguez Galdo




**Data límite de presentación:**  
8 de marzo de 2024

**Premio:**  
250 euros, diploma, acreditativo e agasallo dun libro de pensamento clásico

**Poden presentar candidaturas:**  
Alumnado que teña superado TFG ou TFM nos cursos 2021/22, 2022/23 e febreiro de 2023/24

**Bases:**  
<https://www.usc.gal/gi/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/convocatorias-premios>

Convoca:  
**USC** FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

Por último, os premios María Carmen Guisán Seijas e María Xosé Rodríguez Galdo teñen como obxectivo fomentar a introdución da perspectiva de xénero na vida académica do alumnado, como forma de recoñecer e premiar os mellores traballos de fin de grao e de fin de máster que teñen estas características.

# ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



## Recoñecementos ao noso PDI

Diego Sande, profesor do departamento de Economía Aplicada, recibiu o Premio Manuel Colmeiro (XXVI edición) convocado pola Escola Galega de Administración Pública - EGAP da Xunta de Galicia, polo traballo titulado "As políticas rexionais de innovación empresarial en Galiza. Análise de resultados no tecido produtivo a través do fondo tecnolóxico", de próxima publicación.



José Manuel Amoedo Meijide e María del Carmen Sanchez Carreira, foron galardoados co premio Valentín Paz Andrade de Investigación en Economía de Galicia convocado polo Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia da USC (IDEGA) e o Consello Económico e Social (CES). Recibiron este merecido premio, polo artigo 'Os efectos iniciais da COVID-19 nas desigualdades de renda en Galicia e a súa distribución na sociedade' publicado na Revista Galega de Economía.



## Teses defendidas

Durante os meses de xaneiro e febreiro defendeuse a seguinte tese de doutoramento na nosa facultade:

- 'Localizando' a Axenda 2030: Análise dos determinantes da divulgación de información sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible polos concellos españois. Autor/a: Manuel Rieiro García; Dirección: Beatriz Aibar Guzmán, Cristina Aibar Guzmán.



## Acordos relevantes das Comisións da Facultade

### Comisión Redactora do Plan de Estudos do Grao en Economía:

- 31 de xaneiro: Acórdase solicitar aos departamentos as fichas das materias básicas, obrigatorias e optativas, priorizando no caso das optativas solicitadas.
- 9 de febreiro: A comisión acorda levar á Xunta de Facultade do 14 de febreiro unha proposta da estrutura do plan de estudos na que o alumnado deberá cursar 204 créditos de materias básicas e obrigatorias (de 6 créditos cada unha) e 36 créditos materias optativas (de 4.5 créditos). A oferta de optativas será de 18 materias das que o alumnado deberá cursar 8.
- 21 de febreiro: Debate sobre a estrutura do plan de estudos.
- 28 de febreiro: Apróbbase a asignación de materias por curso e débátese sobre os resultados de aprendizaxe da titulación.

### Comisión de modificación do Plan de Estudos do Grao en ADE:

- 12 de xaneiro: Análise de propostas alternativas e solicitude de reflexión sobre as mesmas.
- 2 de febreiro: Acádase un principio de acordo en relación coa estrutura do plan de estudos e acórdase levala á Xunta de Facultade do 14 de febreiro para a súa ratificación. Nesa proposta o alumnado deberá cursar 213 créditos de formación básica e obrigatoria (en materias de 6 e 4,5 créditos) e 27 créditos de materias optativas (de 4,5 créditos cada unha). Haberá unha oferta de 18 materias optativas de 4,5 créditos.
- 16 de febreiro: Preséntase unha simulación de partida do plan de estudos que recolle a distribución de materias por cursos e acórdase solicitar unha reflexión ás áreas sobre a mesma e a formulación de posibles cambios.

### Comisión de Normalización Lingüística:



- 11 de xaneiro: Acordo sobre as propostas a remitir para as axudas do Servizo de Normalización Lingüística.
- 21 de febreiro: Aceptación das propostas por parte do Servizo de Normalización Lingüística. Acórdase comezar a súa organización.

### Comisión de Xénero:

- 15 de febreiro: Realízase unha proposta de actividades a realizar na Facultade como motivo do Día Internacional da Muller.

### Xunta de Facultade:

- 14 de febreiro: Apróbanse os principios de acordo de modificacións dos plans de estudos de ADE e de Economía.



Séguenos nas nosas redes sociais

